

XESTIÓN E ORGANIZACIÓN DOS CENTROS EDUCATIVOS

CUESTIÓNS PRÁCTICAS

- 1.- Un alumno é *pillado* copiando nun exame. Axustándose ao procedemento administrativo que actuacións se deberían levar a cabo?
- 2.- Que actuacións debe levar a cabo o profesorado/centro cando os alumnos realizan unha folga?
- 3.- É correcto que na avaliación final o equipo docente decida entre varios alumnos a quen lle corresponde unha matrícula de honra?
- 4.- Despois de realizar unha acta de supresións de postos nun CEIP un docente quere repetila porque pretende cambiar a súa decisión?
- 5.- Os pais dun alumno solicítanlle ao director copia de todos os exames do seu fillo.
- 6.- Que consecuencias pode traer nun procedemento corrector a un alumno non desenvolver o trámite de audiencia?
- 7.- É obrigatorio seguir os protocolos da consellería?
- 8.- Ante calquera escrito presentado no centro hai obriga de contestar?
- 9.- Unha persoa que di ser representante dos pais dun alumno pode solicitar copia dos exames e presentar un recurso no centro?
- 10.- Cómpre tramitar a petición dun pai que, por mor dos trámites de separación, solicita ao centro informe das faltas de asistencia, medidas de atención á diversidade, aseo e comportamento?